CA3.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Identifica e discrimina entre baile ou danza individual, en parella e grupal en cada unha das manifestacións seleccionadas.		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Participa na elaboración dun mural grupal sobre instrumentos musicais e danzas e bailes tradicionais e populares galegos.		
CA3.4 - Iniciar na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Comparte as sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas propostas.		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas coreografías seleccionadas.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Disfruta coas experiencias creativas realizadas.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa nun grupo que diseña e interpreta unha pequena coreografía dunha música elixida por este, preferentemente das traballadas nesta UD.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias básicas de recepción activa.
- A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.
- O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación.
- O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario.
- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico básico de música.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
- Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.
- Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde
- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión
- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán a cabo ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a

progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

O desenvolvemento da UD 4 levarase a cabo ao longo dos tres trimestres , intercalada coas outras e mesmo en cada sesión. Así lograrase unha dinámica variada e flexible tanto para a persoa docente como para o alumnado.

A forma de afrontar a clase de música debe ser alegre e distendida co que favoreceremos a atención do alumnado, a súa participación, a súa relación social e a súa capacidade de comunicación . En cada sesión establecerase unha rutina que permiiará desenvolver no alumnado:

- Automatización nalgunhas cuestións básicas a tratar ao longo de toda a etapa, axudando a aportar seguridade e confianza en si mesmo.
- Fomento dun maior impacto no logro dos descritores a acadar, redundando, ademais, nun maior goce das actividades.
- Aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, a través da relaxación, atención e concentración, logrando, paralelamente, o emprego do silencio e da recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.

Os primeiros 10 minutos de cada sesión traballaranse estes aspectos:

- consciencia e colocación da postura corporal
- respiración profunda e consciente, traballando cara o final a columna de aire para o canto .
- notas, longas ao comezo, axudadas con fononimia
- fórmulas rítmicas de pregunta e resposta (4 pulsos con carácter xeral) con PC e/ou coa voz

Utilizaranse ademáis os métodos dos grandes pedagogos musicais :

- Método ORFF, para traballar o ritmo cos instrumentos de percusión (IPAI e IPAD), a linguaxe verbal como base da figuración rítmica, orden de intervalos para o traballo melódico, pentafonía,...
- Pedagogía de J.WUYTACK , conxunción entre expresión verbal, musical e corporal(cancións de substitución de palabras por xestos e improvisacións instrumentais) e os musicogramas (unha das actividades máis empregadas, xa que permite una visualización completa da obra escoitada).
- Método KODALY, para o traballo auditivo e vocal, lectura rítmica con sílabas....
- Método DALCROZE para o movemento (expresar co corpo os distintos elementos da música) e a danza. Realización de ostinatos rítmico-corporais en función dunha música dada. Preténdese captar a atención do alumnado cara a música e que a vivencien, ademais dos desenvolvementos propios da danza, como a coordinación espacio-temporal, dominio do esquema corporal ou a audición musical.
- Método WILLENS para traballar a percepción auditiva, ritmo, cancións de intervalos, improvisación,...
- Método BAPNE: actividades de percusión corporal. O corpo como un instrumento acústico, rítmico, tímbrico e dinámico porque está ligado ao movemento e á danza.

Tendo en conta que nesta materia só contamos cunha sesión semanal, utilizarase como recurso a Aula Virtual do centro. Aquí o alumnado poderá acceder a:

- recursos dixitais empregados na clase e/ou para levar a cabo tarefas encomendadas
- vídeos de interpretación (voz, instrumentos e/ou danza) para aprendizaxe e/ou repaso
- ligazóns de interese relacionadas coa materia
- outras que poidan ir xurdindo ao longo do curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI) e de percusión de altura determinada (PAD), instrumentos populares (cunchas, piñas, lata...).

Obxectos sonoros: campás; tubos sonoros; frautas de émbolo; botes, vasos e botellas de plástico de diferentes tamaños ,...
Materiais diversos: Pelotas de diferentes tamaños, aros, cintas de cores, teas, lá, tubos de cartón, globos...
Xogos :, bingo instrumental, bingo rítmico, tarxetas rítmicas, parchis musical, puzzles de instrumentos; tarxetas para traballar a intensidade, a duración e a altura; dados rítmicos; emparellamentos sonoros; ritmogramas plastificados, dobble de instrumentos,.....
Láminas informativas e carteis
Pantalla dixital e pizarra pautada e móbil
Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor de partituras, gravación, etc.
Altofalantes e micro
Piano electrónico
Páxina web do centro: sección Aula Virtual para cada curso
Frauta doce
Arquivador de aula e fichas de traballo individual para cada curso.
Estoxo
Sección de música na biblioteca do centro.

A aula de música conta con mesas e sillas para cada alumno, colocadas en U permitindo ter un amplo espazo central onde se desenvolven a maioría das actividades de movemento, coreografías, representacións, interpretación instrumental, xogos musicais,...

Con respecto á dotación instrumental, contamos con variados e suficientes instrumentos IPAI e IPAD, ademais de instrumentos populares galegos e obxectos que serven para facer ritmos, acompañamentos....

Non se utiliza libro de texto o cal permite adaptar os contidos ás necesidades dos grupos e unha maior flexibilidade no deseño das diferentes sesións. Cando remata o curso, todas as fichas individuais traballadas nos tres trimestres son encadernadas (o alumnado participa activamente neste traballo) para que cada un teña o seu libro de música.

.O alumnado deberá traer e facerse responsable do seu material e a súa limpeza. Neste caso o alumnado de 1º traerá o seu estoxo e a ficha que poden levar a casa para rematar certas tarefas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial permítenos, por un lado, coñecer os intereses do noso alumnado e o que saben e , por outro, apreciar e valorar as diferenzas que poidan aparecer en cada grupo.

O feito de levar xa varios anos impartindo esta materia no centro permite ter a información necesaria para establecer uns criterios do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular.

No caso de alumnado de nova incorporación buscaranse referencias nos seus informes individualizados.

A avaliación inicial en 1º de primaria, levarase a cabo nas dúas primeiras sesións do curso e consistirá na execución guiada dunha serie de xogos, cancións, exercicios , que traballen os aspectos vocal, corporal e motriz. A partir da observación directa utilizaremos un rexistro para anotar os resultados abtidos así como a súa capacidade de recepción, o comportamento, a actitude,..

A partir da información obtida nesta avaliación inicial, e en colaboración co DO decidiranse as medidas que a persoa docente realizará na aula sexa un reforzo, ACI e mesmo a presenza dun mestr/a de apoio dentro da aula, se fora necesario.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	21	24	40	100
Proba escrita	20	20	20	0	12
Táboa de indicadores	80	80	80	100	88

Criterios de cualificación:

A meirande parte dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

- 1º trim.: UD1 60% + UD4 40%
- 2º trim.: UD2 60% + UD4 40%
- 3º trim.: UD3 60% + UD4 40%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

- 1º trim. 25%
- 2º trim. 35%
- 3º trim. 40%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

- se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
- se o decimal está entre 5 e 99 o numero enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos ao final de cada trimestre. Isto terá lugar cara a segunda semana de decembro, marzo e xuño, respectivamente. O procedemento será o seguinte:

- Comunicación disto á familia (e paralelamente á persoa docente titora) a través da axenda do alumnado e/ou do Abalar. Nesta especificarase aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, o que corresponda para tal fin (e sempre en concordancia co instrumento de avaliación correspondente reflectido na presente PD: p. ex. repetición dun traballo e/ou parte deste e/ou dunha interpretación instrumental, etc.).
- Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado: isto farase de xeito individual e entregándolle unha folla que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

- Se se trata de algo máis ben específico (por ex.: un traballo a entregar) seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.
- Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo (por ex.: coñecementos de linguaxe musical ou

cuestións técnicas interpretativas) que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre darase isto por superado. Téñase en conta que por un lado, na UD3 do 3º trimestre recóllense os contidos e CA das UD1 e UD2, así como a UD4 trabállase en todos os trimestres, dotando así dunha dimensión práctica e operativa a indiosincrasia desta materia no que á avaliación continúa se refire.

6. Medidas de atención á diversidade

Para cada grupo clase hai que ter en conta o nº de alumnos/as e o seu funcionamento (se falan moito, se cambian con facilidade de actividade,...); as necesidades individuais; que alumnado necesita un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe ; e ter en conta ao alumnado con necesidades educativas ou con altas capacidades.

Realizaranse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remate antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria farase un reforzo educativo para que adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Faranse adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliáranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso: solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo, para o cal non se precisa necesariamente intervención do DO; e traballarase máis na comunicación a través de imaxes e no aspecto da recepción e na vivencia musical e da danza, de xeito que se faga fincapé na integración e inclusión deste tipo de alumnado co resto da clase.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina, etc.

Con alumnado con deficiencias auditivas cómpre diferenciar entre aquel hipoacústico, co que o obxecto principal é desenvolver a audición no marco da linguaxe, interpretando cancións e exercicios de discriminación auditiva, e o anacúsico, co que o obxectivo principal é estimular a lectura de beizos e axudarlles na súa toma de conciencia sobre as vibracións que o rodean, para o que se lle axudará, sobre todo, cos sentidos da vista e do tacto.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible			X	
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais numerados, 1-6 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

O elemento transversal 8 traballarase ao abeiro do B2 no 3º trim. e a través da construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna e de reciclaxe.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
FESTIVAL DE NADAL E DE FIN DE CURSO	Actuacións variadas de todo o alumnado do cole no festival de Nadal (no ximnasio) e de fin de curso (nunha zona do patio) con diversas interpretacións musicais: coreografías, danzas , cancións, pezas instrumentais con frautas , IPAD e IPAI, e mesmo coa colaboración de alumnado que toca instrumentos fóra do cole.	X		X
CONCERTO DIDÁCTICO	Concerto didáctico sobre instrumentos populares galegos, no 2º trimestre para o 1º ciclo		X	
OBRADOIRO DE DANZAS FILIPINAS	No 2º trimestre o alumnado de 3º e 4º de primaria participará nun obradoiro de danzas filipinas no centro, a cargo do mestre auxiliar de conversa.		X	
OBRADOIRO DE MÚSICA E CINE	Dende o mes de novembro, o alumnado de 6º participará nun obradoiro de MÚSICA E CINE, ¿Cámara, acción!¿ Por grupos elaborarán una banda sonora.	X	X	X
EXPOSICIÓN DE INSTRUMENTOS	No mes de xuño, exposición dos instrumentos de reciclaxe que construíron durante o curso.			X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
OS/AS NOSOS/AS MÚSICOS/AS	O alumnado que asiste a clase de música fóra do centro ten a oportunidade de presentar o seu instrumento ao grupo clase/ nivel,¿ (, (familia, características, funcionamento,...)	X	X	X

Observacións:

Estas actividades enriquecen e son recursos complementarios á actividade realizada na aula.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpriuse a temporalización inicialmente establecida.
Metodoloxía empregada
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente.
Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Medidas de atención á diversidade
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Aportouse información ao persoal docente titor.
Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

Farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes xunto co seu resultado incluírase nas correspondentes actas .

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre, e incluíranse, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s relacionada/s sobre a adecuación do deseño das UD en base ás súas necesidades.

A comunicación da información ao persoal titor constará nas correspondentes actas de Avaliación trimestral . Neste centro a comunicación da información realízase na xuntanza de avaliación.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiqúí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectirase o índice destes no rexistro diario de aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

- Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
- Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados